



## COMUNICACIÓN PARA PROFESIONAIS SANITARIOS

### Adaptación temporal do calendario de vacinación en Galicia

Problema de subministración de vacinas con compoñente fronte á tose ferina

#### *Antecedentes*

Nos últimos meses as compañías GlaxoSmithkline e Sanofi Pasteur MSD comunicaron dificultades de subministración das vacinas que conteñen antíxenos fronte á tose ferina como consecuencia de dificultades xurdidas na súa producción. Este problema dáse a nivel mundial e afecta fundamentalmente as vacinas pentavalentes e as trivalentes dTpa utilizadas no calendario de vacinación infantil.

Nestes momentos é difícil estimar o tempo necesario para resolver esta situación, que podería prolongarse a medio prazo.


Esta situación non afecta á seguridade das vacinas dispoñibles e que utilizamos actualmente.

#### *Resposta*

En resposta a esta situación, as Comunidades Autónomas coordinadas desde o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, puxeron en marcha diversas actuacións para darlle unha resposta adecuada e minimizar as repercuśóns sobre os programas de vacinación.

Estamos en contacto coas autoridades sanitarias da Unión Europea para intercambiar información relativa a este problema común e buscar solucións conxuntas.

Realízaronse as xestións necesarias coas compañías farmacéuticas subministradoras para dispor das vacinas e presentacións alternativas para suprir as vacinas afectadas, especialmente na serie primaria de vacinación, e cubrir as necesidades de doses para cumplir a estratexia de adaptación transitoria do calendario de vacinación acordada pola Comisión de Saúde Pública na reunión do 11 de maio de 2015.





## *Adaptación transitoria do calendario de vacinación infantil en Galicia*

Elaborouse unha estratexia común que as CCAA implementarán segundo a súa situación. En base a elo en Galicia presentouse a situación á Comisión Asesora de Enfermidades Inmunoprevibles e acordouse consensuadamente a seguinte adaptación do calendario de vacinación

### **1- Pauta de primovacinação**

O obxectivo prioritario do programa de vacinación fronte á tose ferina é a prevención das hospitalizacións e falecementos nos menores de tres meses de idade.

Dada a escaseza de vacina pentavalente, para cumplir este obxectivo sen alterar a protección fronte ao resto das enfermidades inmunoprevibles, **substituirase a dose de vacina pentavalente dos 4 meses por unha hexavalente**, preservando as pentavalentes dispoñibles para a dose de recodo aos 18 meses.

O calendario actual presenta unha dose de vacina fronte á hepatite B ao nacemento polo que esta adaptación transitoria supón a administración de catro doses de vacina fronte á hepatite B. A seguridade da recepción de doses adicionais de vacina fronte á hepatite B (máis alá das tres habitualmente recomendadas) está suficientemente contrastada por experiencias nouros países da Unión Europea.

### **2- Recordo dos 18 meses**

Este recordo realizarase con vacina pentavalente (DTPa-VPI-Hib), sempre que sexa posible e se dispóna de doses desta vacina.

En caso de non dispor de vacinas pentavalentes, administrarase unha dose de vacina hexavalente.

A seguridade da recepción de doses adicionais de vacina fronte á hepatite B (máis alá das tres habitualmente recomendadas) está suficientemente contrastada por experiencias nouros países da Unión Europea.

### **3- Recordo dos 6 anos**

No calendario de vacinación, a dose de recordo dos 6 anos está previsto que se realice con vacina dTpa. Nesta situación é necesario atrasar a administración desta dose ata dispor de doses suficientes. Dado que o obxectivo desta dose é manter a protección a longo prazo, non se considera que exista un incremento de risco por este atraso. Se algún punto dispón de doses desta vacina pode seguir a utilizarlas ata que as remate.





*RESUMO*

O calendario de vacinación infantil en Galicia queda temporalmente co seguinte esquema

## Adaptación do CALENDARIO do PGV – maio 2015\*

0 meses	2 meses	4 meses	6 meses	12 meses
Hepatite B	Vacina hexavalente Pneumo conxugada	Vacina hexavalente Meningo C Pneumo conxugada	Vacina hexavalente	Triple vírica Meningo C Pneumo conxugada
18 meses	3 anos	6 anos	12 anos	14 anos
Vacina Pentavalente ou Hexavalente	Triple vírica	dTpa Aprazada temporalmente	Varicela, só susceptibles Meningo C	Td VPH (vírus do papiloma humano); A partir do 2016 administrarase aos 14 e aos 12 anos

\* Adaptación temporal, mentres duren os problemas de suministro das vacinas pentavalentes e dTpa

Esta situación está revisándose permanentemente e, no caso de que as xestións realizadas permitan dispor de maior número de doses ou normalizar a situación, será comunicada calquera modificación ao respecto.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2015

A Directora Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

O Director Xeral de Asistencia Sanitaria

Sonia Martínez Arca

Ramón Ares Rico



